CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece nas representacións escénicas e performativas propostas as diferentes emocións identificando cada unha delas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Individualmente realiza movementos corporais que representen as diferentes emocións traballadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa nun grupo que diseña e interpreta unha pequena coreografía sobre unha música elixida e que empregue representación corporal das 6 emocións traballadas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico de uso común en música. - Recursos dixitais de uso común para música. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.

Contidos

- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Recoñecemento básico.
- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
4	Suenan los metales	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Identifica as principais profesións vinculadas á música e ás artes escénicas.	TI	100
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa nun traballo grupal sobre a familia de vento.		
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas identificando algunha diferenza e similitude entre elas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha pequena partitura de grafía non convencional.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	É capaz de describir os trazos básicos característicos das obras musicais e danzas estudadas empregando un vocabulario axeitado.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Pesquisa información sobre o tema central da unidade: os instrumentos de vento.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas identificando diferenzas e similitudes entre elas.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha pequena coreografía que inclúa unha parte para a improvisación libre.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa.

Contidos

- A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.
- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos.
- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común en música.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
5	¡El arco contra las cuerdas!	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	é capaz de discriminar os principais xéneros musicais: música clásica, rock, pop, jazz...	TI	100
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Compón obras orixinais propias de xeito individual e coa axuda dos demais compañeiros/as.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Mostra interese por coñecer novas obras musicais e manifestación culturais propias e de outros países ou rexións.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Interpreta fragmentos musicais mediante percusión corporal, instrumentos PAI e PAD etc.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Estratexias básicas de recepción activa. - O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre

UD	Título da UD	Duración
6	¡Cuántas cuerdas!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Emprega vocabulario musical axeitado dando mostrar de adquisición de contidos relacionados coa interpretación e a linguaxe musical.	TI	100
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	é creativo durante a improvisación de ritmos, melodías e bailes.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Realiza unha tarefa de sonarización dun conto en equipo.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa na elaboración dun guión musical de forma conxunta co obxectivo de realizalo cara un público determinado (neste caso o resto dos compañeiros/as de centro) asumindo roles de responsabilidade e xestión correcta do tempo e planificación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. - Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. - Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

MODALIDADE DE ENSINANZA PRESENCIAL
Organización do tempo.

As sesións de 50 minutos de duración comezarán cunha serie de actividades de introdución, relacionadas en torno aos centro de interese. Estas actividades realizaranse con todo o grupo para introducir o alumnado na materia. Dependendo da unidade comezaremos cunha pequena canción, audición ou actividade de exploración con referencia a actividades pasadas. A intención é que o alumnado con ese primeiro contacto de breve explicación poida introducirse no tema de xeito sinxelo. Outro aspecto importante deste primeiro contacto co alumnado é concluír cales son os seus coñecementos previos e, en función dos mesmos axustar a programación ás súas necesidades. No primeiro contacto co tema continuarán coa aprendizaxe dos contidos específicos da unidade mediante actividades de desenvolvemento, coidando o clima de cooperación na clase e intentando que as actividades e os procedementos das mesmas sexan axustables ós intereses do alumnado. Para finalizar a sesión realízanse actividades de

consolidación e no caso, se é necesario, actividades de reforzo ou complementarias e ampliación.

Organización do espazo

Tódalas actividades levaranse a cabo na aula de música, agás aquelas que impliquen un volume maior nas que este curso empregárase o patio.

Principios metodolóxicos.

Os principios de intervención educativa que se terán en conta son tres: o coñecemento por parte do docente do nivel de desenvolvemento do alumnado e a forma en que se achegan estes á realidade; así como a construción de aprendizaxes significativas e o enfoque globalizador. Os principios metodolóxicos que impregnan as unidades didácticas son: a actividade (tódolos contidos adquirense mediante a práctica; interpretación de esquemas rítmicos, práctica vocal...) a creatividade e o pensamento diverxente (posto que as actividades propostas supoñen unha estimulación do pensamento; e a globalización (dende un enfoque interdisciplinar, especialmente coas restantes áreas curriculares); a importancia dos coñecementos previos do alumnado, relacionando cada unidade coas demais e plantexando actividades que permitan detectar cales son esas ideas previas e erróneas respecto a un ítem; a motivación (partindo do entorno, adecuando as tarefas as capacidades, tendo en conta os intereses do alumnado, deseñando actividades e novedosas)

O modelo de aprendizaxe basearase na aprendizaxe significativa, será necesario propiciar situacións que resulten motivadoras, crear contextos de aprendizaxe que lles obriguen a ter presentes os contidos xa aprendidos, así como promover un ambiente de intercambio, colaboración e interacción.

Métodos específicos

Teranse en conta os principios básicos das principais correntes pedagóxicas musicais do século XX: vivenciar a música de forma activa; a participación; o vínculo da música co xogo, presentando a música de xeito lúdico; o achegamento á realidade de cada un/unha dos alumnos/as; o desenvolvemento da liberdade; e a globalización dos contidos musicais.

En canto aos métodos específicos, recurriremos a unha metodoloxía variada da man de Dalcroze, Kodaly, Wuytack e Orff. Comezando con Dalcroze fixarémonos na idea dunha educación integral do alumnado a través da expresión corporal

MODALIDADE NON PRESENCIAL

Empregarase a aula virtual. Nesta o alumnado poderá acceder a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
- vídeos de interpretación (voz, instrumentos e/ou danza) para aprendizaxe e/ou repaso
- ligazóns de interese relacionadas coa materia
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Altofalantes
Piano electrónico
Páxina web do centro: sección Aula de Música e Danza/Aula Virtual
Fruta doce

Libro DE TEXTO. rEVUELA 3 (SM)

Estoxo

O ordenador de aula conta con software libre, LibreOffice entre outros, empregando os altosfalantes, que están en bo estado, para a reprodución auditiva. A sección desta materia na páxina web do centro e/ou Aula Virtual servirá para varias cuestións, como así se pode comprobar no punto das concrecións metodolóxicas. O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

Realizaráse durante a primeira sesión do curso, para establecer mediante observación directa e intercambios orais, o punto de partida nalgúns aspectos, como por exemplo o sentido rítmico/capacidade de seguir o pulso, grao de coordinación motriz en movemento e interpretación, coñecementos de lectoescritura, gustos musicais e motivación. En base aos resultados acadados axustaremos os tempos nas sesións, a metodoloxía e os materiais, de tal forma que o proceso ensino aprendizaxe sexa individualizado ao alumno/a. Terase en conta os seguintes criterios por curso na avaliación inicial:

3º CURSO

Recoñece instrumentos musicais de forma visual e auditiva
 Coloca as notas no pentagrama.
 Interpreta cancións sinxelas coa voz e os instrumentos.
 Realiza coreografías guiadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	17	17	15	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica pois son de observación. O proceso de avaliación realizarase a través da revisión do traballo e a observación sistemática da participación na aula tendo en conta a calidade das interpretacións. Os datos acadados serán recollidos nunha listaxe de control, de maneira que a participación na aula suporá un 35% da nota final, o traballo individual un 30 %, a interpretación musical un 30% e a participación na aula virtual un 5%.

Para que o alumnado promocioe tendo en conta que a avaliación é continúa darase por superada a materia cando o alumnado adquiera os mínimos esixibles especificados. A avaliación será continúa.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto tería lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

- Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do tokapp. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).
- Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

6. Medidas de atención á diversidade

Dado que cada un dos grupos aula son diversos, debido a que presentan diferentes intereses, aptitudes e expectativas, e así mesmo non todos presentan un mesmo nivel de competencia curricular ou xeito único de estilo de aprendizaxe como tampouco é homoxéneo en canto ao nivel sociocultural que os rodea, esta programación, ao igual que as unidades didácticas que a conforman, baséanse nos principios de normalización, inclusión, equidade e calidade. Para atender esta diversidade no alumnado tomaremos unha serie de medidas para intentar subsanar estas diferenzas da forma máis individualizada posible.

Actividades encamiñadas a atender esa diversidade na aula:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X		X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X		X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X	X	
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X				X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X		X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X		X

Observacións:

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festival de inverno	Concerto de todo o centro (con coreografías e interpretacións musicais do alumnado, empregando para estas últimas, e, entre outros, os instrumentos de reciclaxe realizados na UD3) no salón de actos e de cara ao final do 3º trimestre; aberto ao público con entrada solidaria para recadar fondos para a excursión de Fin de Curso de 6º EP.	X		

Observacións:

Un ano máis solicitaranse os concertos didácticos que se organizan no Auditorio de Galicia para primaria. Compostela Cultura, o departamento cultural do Concello de Santiago, ofrece no seu programa didáctico para o curso 2023-2024 un total de 40 funcións de 14 espectáculos diferentes de teatro, monicreques, circo, música e danza, celebraránse no Auditorio de Galicia e no Teatro Principal desde novembro do 2023 ata abril do 2024. Solicitarase a asistencia do grupo a un dos propostos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.

Clima de traballo na aula
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Outros
Apoioiuse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais priorizárase que hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases, que existe unha distribución temporal equilibrada e que o desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisárase a PD, e tamén rematada cada unidade farase o seguimento. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15018203	CPI de Bembibre	Val do Dubra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	3º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun CPI situado en Bembibre (Val do Dubra). É un centro dun entorno rural, de contexto socio económico medio e cun total de 3 unidades de Infantil, 7 de Primaria e 5 de Secundaria no presente curso académico.

O grupo seleccionado de 3º EP, está composto por 21 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 7 e os 8 anos. O alumnado presenta un bo nivel académico na avaliación inicial aínda que hai algún alumno con dificultades. Un alumno repetidor ten materias pendentes de segundo de primaria, e dous alumnos teñen materias suspensas tamén. O alumno repetidor realizaráselle unha ACS. Continuarán recibindo apoio educativo por parte da titora e da mestra de P.T e da mestra de AL durante 4 sesións á semana, ademais dun programa de recuperación das materias pendentes.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cine na escola	Realizaremos visionados de películas ou curtas que traballen ou traten valores como a amizade, igualdade, empatía, solidariedade, coidado do medio ambiente,...	30	11	X		
2	Cine- Forum: Críticas, reportaxes, historias reais dos xornais.	Apreciación de películas e fragmentos con visión crítica e compartida do que se ve. Realizar un xuízo dos contravalores que se tratan na película.	30	12		X	
3	Luces, cámara e acción. Realización de unha curta	Protagonizar e filmar unha curta que previamente traballaremos realizando un guión , decorado,... TRatase de desenvolver a creatividade e aplicar os contidos adquiridos.	40	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Cine na escola	11

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do respecto á diversidade.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.

Contidos	
- Planificación: secuenciación e temporalización.	

UD	Título da UD	Duración
2	Cine- Forum: Críticas, reportaxes, historias reais dos xornais.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.	

UD	Título da UD	Duración
3	Luces, cámara e acción. Realización de unha curta	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Exposición e presentación do produto final con todo o material elaborado no tratamento e respecto pola diversidade e na adquisición de valores.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Cine na escola. Educación en valores a través das películas".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto:

- Fomentar os valores a través dunha metodoloxía inclusiva, baseada na aprendizaxe cooperativa e nas aprendizaxes competencias das diferentes áreas. A nosa sociedade e ao cine deben atender á diversidade, achegar ao alumnado ás diferentes realidades que vivimos e tratar de mudar as que resultan inxustas.

-A preocupación pola diversidade, ver que as discapacidades non existen, senón que significan outras capacidades e que non podemos menosprezar a ninguén por ser diferente a nós.

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, terán que reflexionar e debater sobre as aprendizaxes e os valores que nos proporciona cada película/ curta , que finaliza cunha moralexa.

Nesta etapa, recollerán diferentes materiais e comezarán a elaboración dun produto final (formato libre). Debuxos, exposición en murais, presentación oral ou dixital, cartolinas, representacións, debates...

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará tamén un produto final. Terán liberdade no emprego de materiais e modelos, dándolle a máxima difusión. O proxecto poderá ser difundido nas redes sociais do centro. Poderemos facer uso do Kroma de Polos creativos para realizar a curta.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (diálogo e respecto nas interaccións, coñecemento das realidades do entorno...)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á diversidade, recoñecemento das diferenzas e igualdade e respecto para todas as persoas.)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación dos proxectos).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de aula (anotacións, recollida de datos, búsqueda de información...)
Ordenadores (aula de informática), tablets (biblioteca) e aula multisensorial con material diverso (cámara de fotos e vídeos...)
Cartolinas, pegamento, tesoiras...

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal. Ademais o alumnado disporá de ordenadores e tablets para buscar a súa propia información e material funxible para realizar as manualidades (títeres, debuxos, murais, fotografías ou vídeos... etc)

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación do traballo onde se amosan as distintas actividades realizadas e observación directa e recollida de datos nas exposicións orais.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do material onde se recolla o traballo realizado e participación en clase, nos debates, opinións, reflexións... das distintas películas e cortos.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Realización dunha curto, tendo en conta todo o material necesario, guión, decorado, diálogos, historia,... e posterior gravación.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores

procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza,....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
